

Producción Navalla e longueirón



Mm
MANUAL DE FORMACIÓN
PARA O MARISQUEO

- ¿Como nacen as navallas e os longueiróns?
- ¿Que comerán as navallas e os longueiróns?
- ¿Respiran?

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Innovación e
Desenvolvemento Pesqueiro



Coordinación:

José Antonio García Villanueva
Matilde Alonso Acosta
Antonio Rodríguez Fernández
Beatriz Villar Cedrón

Autores:

Montserrat Castro Vázquez
Belén Escariz Pérez
M^a Visitación Iturralde de la Fuente
Salvador Lago Cordo
M^a Luz Lamas Ferreiro
M^a José Lopez Barral
Félix Lorenzo de Dios
Esperanza Martínez Bouzas
M^a do Carmen Novoa Valiñas
Maximina Pereira Rodríguez
María Rioboo San Luis
M^a Anxeles Santorum Pérez

Supervisión:

Elisa Gago Moldes
Jesús Pérez Alén
Juan Codesido Villar
Concepción Blanco Louro

Debuxos:

Tangaraño

Deseño e maquetación:

Ninfa e Riveiro

Fotomecánica:

Resolución

Impresión:

Litonor

D.L.: C-2665-2002
ISBN: 84-453-3372-0

Agradecimientos: A tódalas persoas que contribuíron cos seus coñecementos e aportacións a realización deste manual .

NAVALLA E LONGUEIRÓN

Preguntas introductorias

¿Como nacen as navallas e os longueiróns?

¿Que comerán as navallas e os longueiróns?

¿Respiran?

a) A NAVALLA E O LONGUEIRÓN: ECOLOXÍA, ANATOMÍA, BIOLOXÍA E PRINCIPAIS ESPECIES

	NAVALLA	LONGUEIRÓN
NOME CIENTÍFICO	<i>Ensis ensis</i>	<i>Ensis siliqua</i>
OUTROS NOMES	Anguillolo, carallete, longueirón novo	Longueirón, meixán
FORMA EXTERNA	Concha alongada e curva	Concha moi alongada e recta
ZONA	Intermareal e submareal	Intermareal e submareal
TIPO DE CHAN	Area fina	Area fina
PROFUNDIDADE	Prefire fondos de pouca profundidade, dende o nivel de baixamar a poucos metros	Dende a zona intermareal ata os 40 metros ou máis
TAMAÑO LEGAL	7 cm	10 cm



Navalla



Longueirón

Entérranse verticalmente na area e deixan unha marca característica na superficie en forma de oito.

A súa captura realízase de tres formas diferentes:

- **A PÉ:**

Faise na zona intermareal. A arte legalmente permitida é a fisga, que é unha variña recta duns 60 cm de lonxitude que ten un pequeno arpón no seu extremo. Unha vez que se detecta o burato que deixa o longueirón na area, introdúcese a fisga. O longueirón pecha entón as súas valvas e queda prendido nela, permitindo deste xeito a súa extracción.

- **A MERGULLO EN APNEA:**

Descendendo a pulmón libre (lembrems que está permitido o uso de traxe de goma con complementos como gafas, aletas, tubo respirador e cinto con pesas), o mariscador ou mariscadora recolle o exemplar que está soterrado na area, empregando os dedos con moita habilidade.

- **A FLOTE:**

Para a captura destas especies non se pode emprega-lo rastro de vara nin o raño. Pola capacidade que teñen para escapar, só é posible a súa captura co chamado “can de navalla” ou “endeño remolcado”. Sen embargo, a utilización desta arte está prohibida, agás que estudos biolóxicos aconsellen a súa utilización, caso no que aparecerán regulados a través do Plan de Explotación aprobado pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

As capturas obtidas mediante o sistema de mergullo son as de mellor calidade, permitindo unha boa recuperación do recurso, dadas as limitacións que imponen as condicións físicas do mergullador ou mergulladora, a climatoloxía das augas e a habilidade do mariscador ou mariscadora para extrae-los exemplares.

ESPECIES SEMELLANTES

O LONGUEIRÓN VELLO E O NAVALLÓN

	LONGUEIRÓN VELLO	NAVALLÓN
NOME CIENTÍFICO	<i>Solen marginatus</i>	<i>Pharus legumen</i>
OUTROS NOMES	Anguillolo negro, berberecho, espadín, longueirón, meixán, navalla	
FORMA EXTERNA	Alongada e recta	Concha alongada e redondeada nos extremos
ZONA	Intermareal, baixa e submareal	Submareal
TIPO DE FONDO	Area limpa ou lamacenta	Area fina
TAMAÑO LEGAL	8 cm	



Longueirón vello



Navallón

O longueirón vello é unha especie de menor calidade cás navallas, que normalmente se prepara en conserva.

O navallón é unha especie pouco abundosa que se comercializa só mesturada con navallas e longueiróns.

FOLLA DE AUTOAVALIACIÓN

¿Por que se chaman bentónicos a navalla e o longueirón?

.....
.....
.....
.....

¿Que factores son os máis importantes para un bo crecemento da navalla e o longueirón?

.....
.....
.....
.....

Indica as tallas mínimas da navalla e do longueirón.

.....
.....
.....
.....

Cita as tres diferentes formas da captura da navalla e do longueirón.

.....
.....
.....
.....
.....

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO GONZÁLEZ, A., MARIÑO FOLLA-CISNEROS, X. A. e TRABA FERNÁNDEZ, X. M.: *O longueirón, un recurso emerxente*. Aula del Mar. Fundación Caixa Galicia, 1994.
- MÍGUEZ RODRÍGUEZ, L.; GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, C. e GARCÍA ÁLVAREZ, O.: *Guía ecolóxica do litoral galego*. Edicións Xerais de Galicia, S. A., 1996.
- VARIOS AUTORES: *Marisqueo en Galicia. 3^{as} xornadas de medio mariño e acuicultura*. Sada, 1994. Edicións do Castro, 1998.
- DE AGUIRRE ENRÍQUEZ, M. P.: *Guía del Mariscador*. Edita: Plan Marisqueiro de Galicia.
- PÉREZ CRIBEIRO, A.: *El percebe en Galicia*. Aula del mar. Fundación Caixa Galicia, 1996.
- VARIOS AUTORES: *Plan de Ordenación dos Recursos Pesqueiros e Marisqueiros de Galicia*. Xunta de Galicia, 1993.
- MOLARES VILA, J.: *Estudio del ciclo biológico del percebe de las costas de Galicia*. Xunta de Galicia, 1994.
- SERVICIO DE EXTENSIÓN PESQUEIRA (GABEIRAS VÉREZ, X. M.; VALIELA VILLAR, J. e LEMA BOUZAS, L.): *Onde Galicia é mar*. Xunta de Galicia, 1993.
- COLL MORALES, JULIO: *Acuicultura marina animal*. Ed. Mundi-Prensa, Madrid, 1986.
- J. ZAHRADNIK e J. CIHAR: *Guía básica de la fauna de Europa*. Ed. Omega, Barcelona, 1981.

A. C. CAMPBELL: *Guía de campo de la flora y fauna de las costas de España y de Europa*. Ed. Omega. Barcelona, 1989.

VARIOS AUTORES: *Unidades didácticas de acuicultura*. Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, 1991.

LOZANO CABO, FERNANDO: *Oceanografía, biología marina y pesca*. Ed. Paraninfo, S. A., 1978.

RAMONELL, ROSA: *Guía dos mariscos de Galicia*. Ed. Galaxia, 1985.

R. D. BARNES: *Zoología de los invertebrados*. Ed. Interamericana, 1987.

NORMATIVA APLICABLE

Lei 6/1993 do 11 de maio, de pesca de Galicia. (DOG nº 101, luns, 31 de maio de 1993).

Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira. (DOG nº 13, xoves, 20 de xaneiro de 1994). Corrección de erros, DOG nº 36, 22 de febreiro, 1994.

Orde do 31 de maio de 1995 pola que se regula a expedición e revalidación do permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira. (D.O.G. nº. 125, venres, 30 de xuño de 1995). Corrección de erros, D.O.G. nº. 220, 16 de novembro, 1995.

Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba a actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia. Capítulo X: artes dedicadas á captura de moluscos bivalvos, equinodermos e crustáceos cirrípedos (DOG nº. 13, xoves, 20 de xaneiro de 1994). Corrección de erros: DOG nº. 36, 22 de febreiro de 1994.

Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños (DOG nº. 13, xoves, 20 de xaneiro de 1994). Corrección de erros: DOG nº. 36, 22 de febreiro de 1994.

Orde pola que se aproban os plans de explotación anual para cada campaña.

Orde do 15 de novembro de 1992, pola que se regulan os tamaños mínimos de extracción e comercialización de diversas especies de peixes, moluscos, crustáceos e equinodermos (DOG nº. 53, xoves, 18 de marzo de 1993). Corrección de erros: DOG nº. 84, 5 de maio de 1993.

Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros. DOG nº. 99, luns 27 de maio de 1991.

Decreto 426/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente de desenvolvemento de determinados preceptos da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros. DOG nº. 13, xoves, 20 de xaneiro de 1994. Corrección de erros: DOG nº. 36, 22 de febreiro de 1994.

Mm

MANUAL DE FORMACIÓN
PARA O MARISQUEO

